

FQE-CIG, Galiza

Abelardo Landeira *
Secretario General de la
FQE-CIG

No nome dos traballadores e traballadoras da Federación de Químicas e Enerxía da Confederación Intersindical Galega exprésolles un saúdo fraternal ás delegacións internacionais e moi especialmente aos anfitrións mexicanos do Sindicato Mexicano de Electricistas (SME).

Camaradas.

A resistencia sindical e popular medra en América Latina e no mundo. Fronte a este crecemento da resistencia popular, a resposta dos gobernos é a criminalización do sindicalismo de clase. Exemplo disto son os procesos de desindustrialización e de desmantelamento dos sectores públicos de servizos que colocaron ao meu país Galiza, a América Latina e ao mundo nunha situación crónica de pobreza e exclusión social.

Cuestionamos o papel das empresas europeas en América Latina. Estas, lonxe de ser un factor de desenvolvemento e paz social, deron pé a conflitos masivos, especialmente entre usuarias e usuarios de servizos públicos, e puxeron en risco o acceso a servizos básicos como a auga ou a electricidade. Estimularon, ademais, o saqueo e a extracción indiscriminada dos recursos naturais e xeraron unha degradación do medio ambiente.

A respecto da auga, dereito humano e ben común da humanidade, os procesos de privatización dos sistemas públicos en distintos países de América Latina abriron ás transnacionais e corporacións europeas unha grande oportunidade de incrementar as súas ganancias e, ao mesmo tempo, socavar o poder de decisión dos pobos sobre os seus territorios e as súas vidas. Mesmo en América Latina, como en Europa, ou en Galiza, a privatización incrementou as tarifas, danou o sistema hídrico e baixou o nivel de vida das traballadoras e dos traballadores.

As empresas transnacionais petroleiras expropiaron as riquezas hidrocarbúrficas por décadas, saquean os recursos, esnaquizan pobos, comunidades e medio ambiente.

O acceso á terra é un dereito humano fundamental, así como a propiedade colectiva das terras dos campesiños e dos indíxenas, ameazada hoxe en día polos programas de titulación individual de organismos internacionais. Pronunciámonos polo impulso da reforma agraria e ratificámonos en que os recursos naturais e o coñecemento tradicional son patrimonio dos pobos.

A cooperación debe ser un instrumento en beneficio dos nosos pobos. Non como agora, que é unha ferramenta agresiva baseada nunha retórica mercantil que facilita o saqueo e o control dos nosos territorios, recursos e servizos públicos. Mentres, no lado dos usuarios/as, consumidores/as, traballadoras/es e público en xeral, a indefensión e a violación de dereitos é a lóxica dominante.

Esiximos o respecto dos dereitos humanos, económicos, sociais, culturais e, tamén, o dereito das mulleres a da xuventude a non seren excluídos socialmente. Por isto, consideramos de primordial importancia combater a feminización da pobreza. Pronunciámonos por unha xustiza que non promova a impunidad para quen cometeu delitos contra dereitos fundamentais.

Condenamos o xenocidio e a militarización dos territorios indíxenas. Esiximos o recoñecemento do dereito dos pobos indíxenas, e de todos os pobos, á libre determinación, porque só o respecto a súa autonomía e ás súas culturas permitirá que o planeta poida gozar no futuro dos tesouros dos que son seus gardiáns.

Denunciamos e condenamos as posicións sobre Cuba que mantén a Unión Europea, posta ao servizo da política agresiva dos Estados Unidos contra a illa. Esiximos o recoñecemento e respecto á libre determinación do pobo cubano na construción do seu propio modelo político, económico e social.

Pronunciámonos contra a privatización da enerxía e pola democratización da mesma. Requiremos articular e desenvolver medios propios e solidarios que constrúan cidadanía e garantan a diversidade e o pluralismo.

Reafirmamos como sindicato da Galiza a vontade de fortalecer a cooperación, coordinación e solidariedade en todas as loitas conxuntas contra a flexibilización laboral, por un emprego digno e de calidade, polo control cidadán das corporacións e das multinacionais, contra as políticas neoliberais dos gobernos, pola defensa e afondamento das conquistas sociais e laborais, pola renacionalización dos nosos recursos e reservas naturais e dos servizos públicos actualmente privatizados.

Os sindicatos de clase debemos asumir o compromiso de contribuír ao desenvolvemento de iniciativas dende a nosa independencia e identidade propias como movemento popular, confiados ademais na construción dun verdadeiro diálogo político que estimule o intercambio aberto e consecuente con ditos gobernos.

Confiamos nos novos aires que se expresan nun forte activismo e mobilización sindical, na irrupción de gobernos transformadores como o de Venezuela e o de Bolivia e doutros gobernos que no mundo se distancian das políticas de libre comercio. Agardamos que contribúan a afondar nas tendencias orientadas a inverter as actuais políticas neoliberais e comezar o camiño que nos conduza cara un novo proceso de integración dos pobos. Confiamos no fortalecemento da unidade e na confluencia dos sindicatos de clase de todos os continentes para acadar outro mundo posíbel, máis xusto e mellor repartido.

Moitas grazas camaradas.

México D.F., 26-27 e 28 de Setembro de 2007.

* Abelardo Landeira, secretario nacional da Federación de Químicas e Enerxía da CIG y secretario general adjunto electo de la UISTE.

Fuente: <http://www.galizacig.com/index.html>

Congreso Internacional de Sindicatos de Trabajadores de la Energía
26-28 de septiembre de 2007, Ciudad de México
Prensa del FTE de México
www.fsm-america.org

www.fte-energia.org